



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**IV Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística
Traballando en Lingua
(Novas tecnoloxías e dinamización lingüística
Os novos contextos da sociedade do coñecemento e do multilingüismo)**

Introdución

Os diferentes cursos de verán que até o momento se realizaron na Universidade da Coruña baixo o título “Traballando en Lingua” sempre estiveron centrados na perspectiva da extensión do uso da lingua galega. Os deseños das tres edicións anteriores achegaron coñecementos e experiencias reais ao redor da dinamización sociolingüística e de todo o que ten relación coas melloras para a lingua galega.

Ao longo das tres edicións tocáronse temas que están relacionados coa proposta de contido que se achega nesta ocasión, mais polo de agora non se traballou neste curso a interrelación entre alfabetización tecnolóxica e extensión dos usos da lingua. Cómpre logo facermos unha reflexión canto ao protagonismo das novas tecnoloxías na sociedade actual e por tanto en todo o que ten que ver coas linguas, co seu uso, co seu prestixio e mesmo coa súa actualización.

Diante da actual situación canto ao desenvolvemento do traballo en linguas e ás novas tecnoloxías, faise necesario achegarmos esta realidade ao curso de verán. Hoxe por hoxe sería moi difícil continuar a traballarmos en lingua sen termos en conta todo este contexto global de que agora se fala. A lingua galega debe acompañar as mudanzas tecnolóxicas e da área do coñecemento para mellorarmos a súa visibilidade social nestes ámbitos.

Pretendemos con isto identificar a lingua galega coa innovación, co coñecemento, coa alfabetización tecnolóxica e co multilingüismo. Para acadarmos este obxectivo necesitamos aproximarnos ao coñecemento de todo este mundo que tantas oportunidades pode ofrecer para o galego.

Para pormos o noso gran de area neste horizonte de futuro queremos deseñar este curso cunha intención clara. Partimos da idea de que os coñecementos e proxectos de que falemos nel sexan realizábeis e prácticos. A necesidade de vinculación entre universidade e mundo laboral é a cada paso unha demanda social máis clara e consistente. Sexamos entón nós unha comunidade lingüística pioneira nesta nova rede. Unha rede que nos conecta cun mundo onde o coñecemento é, e continuará a ser, o indiscutíbel protagonista do futuro.

Liñas temáticas do Curso:

- A oportunidade que ofrecen ou abren as novas tecnoloxías e o software libre no proceso de modernización.
- A necesidade de planificarmos e avaliarmos a nosa realidade para atinxirmos este obxectivo.
- A reflexión e o traballo de facermos unha radiografía da alfabetización tecnolóxica e traballarmos sobre iso a través do SL.
- Avaliar os pasos previos para vermos as posibilidades de avanzarmos na incorporación do galego no proceso de alfabetización tecnolóxica.
- Introducir o concepto de Coñecemento Aberto como marco de traballo e desenvolvemento do plurilingüismo, da xestión e da difusión de coñecementos.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Eixos de traballo:

Estes eixos de traballo compoñen unhas liñas vertebradoras básicas que inciden nun achegamento á realidade e nunha vocación de utilidade das tecnoloxías e das linguas.

Representan elementos de actuación para un marco xeral de traballo en relación coas novas tecnoloxías, coas linguas e coa economía do coñecemento.

Os eixos de traballo serían, entón, os seguintes:

- Incorporarmos espazos para a alfabetización tecnolóxica e para a lingua.
- Estendermos o uso de determinadas ferramentas para o tratamento e o manexo de textos: corpus, dicionarios etc.
- Avaliarmos os puntos fortes e débiles da nosa propia realidade canto a espazos e ferramentas.
- Planificarmos o desenvolvemento a partir da avaliación de necesidades, para despois difundilo, compartilo etc. Dirixímonos coa difusión e a implicación a todos os axentes relevantes no proceso.

Lugar e datas

15, 16 e 17 de xullo

Concello de Carballo
Pazo da Cultura
Rúa do Pan s/n
15100 Carballo (A Coruña)

Duración

25 horas

Persoas destinatarias

Todas aquelas persoas interesadas na dinamización lingüística e no proceso de normalización da lingua galega, especialmente as que traballen nestes ámbitos específicos: estudantado de Filoloxía Galega, Pedagogía, Socioloxía e Maxisterio, Educación Social e Informática; técnicos/as de normalización lingüística; técnicos/as de cultura; animadores/as socioculturais; asistentes/as sociais; docentes (de primaria, de secundaria e de ciclos formativos)

Custo da actividade

30 euros para as persoas que pertenceren aos seguintes colectivos: comunidade universitaria, persoas desempregadas, persoal das entidades organizadoras e socios/as da CTNL (Coordinadora de Traballadoras e Traballadores de Normalización da Lingua)

50 euros para todas as demais persoas participantes

O pagamento da actividade inclúe a entrega de toda a documentación que se utilice durante o curso, a asistencia ás actividades complementarias e o xantar dos tres días.

Esta actividade financiarase con cargo á partida orzamentaria 9890.9995.422D.226.06 (Actividades de formación, Servizo de Normalización Lingüística) da UDC.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Inscrición

A folla de preinscrición, que se publicará xunto coa convocatoria do curso e na páxina web do Servizo de Normalización Lingüística da UDC (www.udc.es/snl), terá que se entregar neste servizo **antes do 27 de xuño** de 2008. A relación de persoas admitidas publicarase na páxina web do Servizo. Poderán formalizar definitivamente a matrícula até as 14:00 h do **9 de xullo**, tras pagaren a cantidade correspondente a través do formulario que se lles facilitará no Servizo de Normalización Lingüística e na páxina web www.udc.es/snl. O xustificante de pagamento deberá ser entregado neste servizo **antes do día 11 de xullo**.

O máximo de persoas que poderán participar é de 50. Hai unha reserva de 10 prazas para o persoal da Deputación da Coruña ou dos servizos de normalización lingüística dos concellos da provincia. De existiren máis solicitudes que prazas, seguirase a orde de rexistro das solicitudes.

Para ter dereito ao diploma que acredita a asistencia ao curso, non se pode faltar máis do 10% das horas programadas.

Organización

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, en colaboración coa Deputación da Coruña, o Concello de Carballo, a Cooperativa Tagen Ata e a Coordinadora de Traballadoras e Traballadores de Normalización da Lingua.

A Coruña, 30 de maio de 2008

O vicerreitor de Cultura e Comunicación

Luís Caparrós Esperante



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

IV Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística Traballando en Lingua (Novas tecnoloxías e dinamización lingüística)

Organización

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, en colaboración coa Deputación da Coruña, o Concello de Carballo, a Cooperativa Tagen Ata e a Coordinadora de Traballadoras e Traballadores de Normalización da Lingua.

Lugar: Concello de Carballo

PROGRAMA

Martes 15/07/2008

10:00 Recepción e entrega de documentación

10:30 Inauguración do curso

Luis Caparrós Esperante, vicerreitor de Cultura e Comunicación
Xoán Manuel Sande Muñiz, deputado provincial, presidente da Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística
Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde do Concello de Carballo
Xosé Ramón Freixeiro Mato, director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña
Nel Vidal Barral, presidente da CTNL (Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua)

11:00 Conferencia inaugural:

Helena Veiguela Martínez, directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información
A alfabetización tecnolóxica e o alcance das TIC en Galiza. As TIC e os retos da normalización e do multilingüismo

12:30 Fernanda Jaramillo, responsable da Rede Dinamización da Junta de Extremadura e directora do Proyecto de Alfabetización Tecnolóxica

Bases de alfabetización tecnolóxica e achegamento á realidade cultural

Rubén Mancera, coordinador do Plan de Alfabetización Tecnolóxica y Software Libre de Extremadura

14:00 Xantar (conxunto)

16:30 Oportunidades que ofrece o Software libre

Roberto Brenlla, representante de Agnix, comunidade de software libre

O punto de vista asociativo

Javier Vázquez, representante de Igalia, empresa dedicada ao desenvolvemento de software libre

O sistema libre do punto de vista empresarial

Cristina Gomis Parada (Tagen Ata)

Perspectiva desde a lingua e o software libre



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

18:00 Espazos para o galego: recursos, cursos en liña etc.

Manuel Pan Collazo, xerente de Abertal, empresa de servizos en internet
A blogoteca: o galego tira do galego

Carme Paz Diéguez (Tagen Ata):
Ferramentas e recursos pedagóxicos para o galego. Ensino en liña

Camilo Regueiro López, socio de Dimensiona, empresa autora do Traduza-g
Empresas en lingua e novas tecnoloxías

Mércores 16/07/2008

10:00 Toni Martí, profesora da Universidade de Barcelona e directora do CLiC (Centre de Llenguatge i Computació)

Tecnoloxías lingüísticas para o galego. Introducción á enxeñaría lingüística

12:15 José Ramón Pichel Campos, director da área de tecnoloxía lingüística de Imaxin Software
Aproximación ás ferramentas de enxeñaría lingüística para a naturalización do idioma galego

14:00 Xantar (conxunto)

16:00 O software libre como porta aberta para a normalización lingüística

Miguel Blanco, representante de Proxecto Trasno, empresa dedicada á adaptación da lingua galega no sistema do software libre

A comunidade de grupos e proxectos de tradución de software libre ao galego

Suso Baleato, coordinador de Mancomun.org
Software en galego para o mundo da empresa

Carmen Suárez Nieto, Rede de Dinamización da Sociedade da Información da Consellería de Innovación e Industria

A Rede de Dinamización

José Ramón Pichel Campos (Imaxin Software)

OpenTrad. Tradutor en software libre

18:30 Nieves R. Brisaboa, catedrática de Linguaxes e Sistemas Informáticos na Universidade da Coruña e directora do Laboratorio de Bases de Datos

Software para a normalización do galego no ensino

Xoves 17/07/2008

10:00 Manuel Gago, director de *Cultura Galega.org*, portal de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor asociado na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC

Contidos dixitais en galego

12:15 Carme Paz Diéguez (Tagen Ata)

Iniciativa de intervención nas asociacións. A divulgación das TIC na sociedade galega



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

14:00 Xantar (conxunto)

16:30 Recursos culturais e pedagóxicos en rede

Xoán Costa Casas, presidente da AS-PG

Henrique Quintáns Míguez, xefe do Servizo do Libro e Bibliotecas da Consellaría de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia

Manuel Bragado, director xeral de Edicións Xerais

Camilo Regueiro López, representante de Punto Gal

18:00 Conferencia de clausura

Xavier Gómez Guinovart, profesor da Universidade de Vigo e director do Seminario de Lingüística Informática

As tecnoloxías da linguaxe na normalización e dinamización lingüística

19:30 Pradolongo: **A proxección de contidos artístico-culturais en galego**

Director: Ignacio Vilar

Actores: Roberto Porto (Armando)

Rubén Ríos (Martíño)

Tamara Canosa (Raquel)